

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Convocatoria e bases do concurso I Batalla de Bandas 2026

CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO I BATALLA DE BANDAS 2026

A concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo aprobou, por resolución núm. 554/2026 de data 21/07/2026, as bases do Concurso I Batalla de Bandas 2026.

A continuación, transcríbense integramente o texto das citadas bases, así como os modelos normalizados de formulario de inscrición e ficha artística:

“BASES PARA A PARTICIPACIÓN CONCURSO I BATALLA DE BANDAS 2026”

Co ánimo de dar visibilidade aos grupos de Cambre de estilo musical pop-rock-fusión organízase o concurso “I Batalla de Bandas 2026”, que terá lugar o venres 4 e sábado 5 de setembro de 2026.

O premio deste concurso de grupos locais consistirá na participación como teloneiros no XXXIV Rock in Cambre 2026, que se celebrará o venres 25 e sábado 26 de setembro de 2026.

1.- BENEFICIARIOS:

Poderán participar no concurso todos os grupos musicais que cumpran os seguintes requisitos:

- Banda ou grupo musical, non solistas, que conte, como mínimo, cun membro empadroado no Concello de Cambre.
- O número máximo de integrantes da banda é de 8 persoas.
- A antigüidade mínima da persoa empadroada será dun ano (contado dende o último día do prazo de inscrición).
- Estilo do grupo participante deberá ser pop, rock, fusión, etc.
- Non se permitirá a participación de bandas que compartan algún compoñente. Unha mesma persoa non poderá participar en máis dun grupo.
- Todos os compoñentes do grupo deberán ter cumpridos os 16 anos antes do inicio do Festival XXXIV Rock in Cambre 2026.
- Non poderán participar aquelas bandas que actuasen como teloneiras na última edición do festival, XXXIII Rock in Cambre 2025.

2.- Inscricións e entrega de documentación para participar no CONCURSO:

2.1.- O prazo de inscrición será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Os grupos interesados en participar deberán presentar o formulario de inscrición en calquera dos rexistros do Concello de Cambre, así como en calquera dos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunto co formulario de inscrición deberán presentar:

- a) Volante individual de empadramento (con data de alta) dos membros do grupo que sexan veciños de Cambre.
- b) Copia do DNI ou NIE de cada participante e tamén da persoa representante, no caso de menores de idade.
- c) Ficha artística de cada grupo segundo modelo que se achega.
- d) Dossier do grupo (debe incluír unha pequena biografía, así como os títulos, letras e autoría dos temas a interpretar no concurso).

Poderán consultarse as bases e descargar a solicitude de inscrición na páxina web do Concello <https://cambre.es/>.

2.2.- A responsabilidade sobre o contido das composicións presentadas, o rexistro da súa autoría e as posibles implicacións legais en caso de denuncias por plaxio, recaerá sobre o artista inscrito, que se compromete mediante a aceptación destas bases a garantir a lexítima titularidade dos dereitos sobre as obras presentadas.

3.- Selección:

3.1.- A selección realizarase a través dun Xurado.

O xurado estará formado por 5 membros:

- Presidenta: A concelleira delegada de Cultura. Con voz pero sen voto.
- Secretario: O coordinador de cultura e educación, ou persoa na que delegue. Con voz pero sen voto e que levantará acta do fallo do xurado.
- 3 persoas invitadas e de recoñecido prestixio, alleas á organización dos actos, relacionadas co mundo da música (músicos, cantantes, técnicos, etc...) que terán voz e voto.

A designación do xurado realizarase previamente ao desenvolvemento do concurso por resolución de alcaldía ou da concelleira delegada competente.

3.2.- O método de selección será a través da valoración tanto de criterios técnicos como da actuación no evento I Batalla de Bandas 2026.

Desenvolvemento da I Batalla de Bandas 2026:

- Terá lugar no auditorio do Parque da Igrexa de Cambre os días 4 e 5 de setembro de 2026, coa actuación en directo dos grupos inscritos e que cumpran cos requisitos indicados nestas bases.
- A data de actuación determinarase atendendo aos compromisos das bandas. De non chegar a un acordo, realizarase por sorteo.
- A orde de actuación en cada data será por consenso, de non ser así, será determinada por sorteo.
- A duración máxima de cada actuación será de 30 minutos por banda.
- O backline será o mesmo para todos os grupos participantes.

3.3.- Criterios de concesión dos premios.

O xurado valorará os seguintes aspectos:

- Actuación en directo: Ata 60 puntos, divididos nos seguintes epígrafes:
 - o Calidade técnica e sonora (máx. 15 puntos)
 - o Calidade interpretativa (máx. 15 puntos)
 - o Calidade da posta en escea (máx. 15 puntos)
 - o Comunicación e feedback co público (máx. 15 puntos)
- Orixinalidade da proposta: Ata 10 puntos.
Valorarase con 10 puntos á proposta que máis temas de produción propia presenten, e ao resto proporcionalmente.
- Uso da lingua galega: Ata 10 puntos.
Valorarase con 10 puntos á proposta que máis temas en lingua galega presenten, e ao resto proporcionalmente.
- Participación feminina: Ata 10 puntos.
Valorarase con 10 puntos á banda con máis compoñentes femininas, e ao resto proporcionalmente.
- Media de idade menor de 30 anos: Ata 10 puntos.
Valorarase con 10 puntos á banda con menor media de idade, e ao resto proporcionalmente. Unicamente se terán en consideración para este epígrafe ás bandas cunha media de idade inferior a 30 anos.

As decisións do xurado serán inapelables e definitivas.

4.- PREMIO.

O xurado seleccionará os grupos premiados.

A elección dos grupos gañadores levarase a cabo tras a valoración do xurado ao finalizar o segundo día de concertos, levantándose acta do fallo do xurado, asinada por todos os seus componentes, que será inapelable.

Seleccionaranse 5 grupos premiados, e como máximo 3 grupos de reserva por se algún dos grupos seleccionados non puidese actuar, do cal deixará constancia no seu acta.

A cada un dos 5 grupos premiados corresponderalle un premio consistente na actuación como teloneiro no Rock in Cambre 2026, dispoñendo dun tempo aproximado de 45 minutos para a súa actuación.

O alcalde, ou concelleiro en quen delegue, ditará resolución de aprobación de concesión dos premios do concurso, dándose publicidade da concesión a través da páxina web do Concello e das redes sociais municipais, para facilitar a súa máxima divulgación.

5.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso “I Batalla de Bandas 2026” supón a aceptación destas bases e as decisións do xurado.

A inscrición no concurso levará implícita a autorización a difundir, con fins non comerciais, imáxes e reprodución dos concertos en posibles videos promocionais do Concello.

O Concello resérvase o dereito a suspender, aprazar ou cancelar o concurso se hai causas xustificadas, así como a modificar as bases que estime convenientes para o bo funcionamento do concurso.

6.- RÉXIME XURÍDICO

A presente convocatoria rexerase polas presentes bases así como polo disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e no resto de normativa que lle resulte de aplicación.

7.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA

A publicación da convocatoria e destas bases levarase a cabo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.”

Cambre, 22 de xullo de 2026

A concelleira delegada da Área de Servizos Sociais,

Educación, Cultura e Movemento Asociativo

PD. (R.A. núm. 396/2025, do 30 de abril)

Patricia Esther Espiñeira Galán

**SOLICITUDE PARTICIPACIÓN
CONCURSO I BATALLA DE BANDAS 2026**

NOME DO GRUPO:

REPRESENTANTE:

DNI:

DATA NACEMENTO:

TLF1:

ENDEREZO:

TLF2:

CORREO ELECTRÓNICO:

Nº TOTAL DE MEMBROS:

ESTILO MUSICAL:

SOLICITO

Participar no concurso I Batalla de Bandas 2026. Así mesmo, achego como documentación complementaria:

- ☐ Ficha artística (segundo modelo oficial)
- ☐ Copia do DNI ou NIE de cada participante e tamén da persoa representante, no caso de menores.
- ☐ Dossier do grupo (títulos, letras escritas e autoría dos temas presentados)
- ☐ Volante de empadramento con data de alta dos membros veciños de Cambre

Os datos incluídos nesta ficha serán incorporados a un ficheiro manual e automatizado propiedade do Concello de Cambre. Segundo a lei orgánica 3/2018 de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, vostede poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición por escrito ao Concello de Cambre- Área de Cultura, Rúa Río Barcés, 8, 15660 Cambre ou á dirección de correo electrónico cultura@cambre.org.

A inscrición neste concurso implica a aceptación das bases.

Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, _____ de _____ de 2026

O/A representante

Asdo.

Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Cambre

FICHA ARTÍSTICA

I BATALLA DE BANDAS 2026

1. NOME ARTÍSTICO DO GRUPO:

2. ESTILO MUSICAL:

3. COMPOSICIÓN ARTÍSTICO-INSTRUMENTAL:

NOME E APELIDOS	DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO	INSTRUMENTO MUSICAL - NECESIDADES TÉCNICAS

4.- REPRESENTANTE DO GRUPO:

Nome e apelidos:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico:

5.- FORMA DE CONSTITUCIÓN DO GRUPO MUSICAL (marque cun x o que proceda)

☐ Asociación musical e cultural sen ánimo de lucro

Denominación:

CIF:

☐ Sociedade civil, mercantil, outra

Denominación:

CIF:

☐ Non están constituídos

Cambre, de de 2026

Asdo:

2026/4895